

GRES (Vila de Cruces)

Igrexa de Santiago de Gres

CADERNO Nº 7 (FVAr, 261-2)

2º Día


Gres. Parroquial y capilla barroca.

Escudo de leones y castillo Felipe [II(?)].

Inscripciones del Ponte Gres.

(La Corona). A Croa, castro, fora do límite
(plano).

A parroquia de Gres limita con Cira e con
Camanzo e Ledesma. As divisións das
parroquias fanse con pedras.



Hai un cruceiro bonito en Cirela.

En Piloño hay o Castro de Algobre.

En Añobre hay outro castro, moi perto de Camanzo.

Ditos e costumes do lugar

Xastre quéroche un recado
pero non é de costura
que che quero preguntar
si o mal de amores ten cura.
O mal de amores ten cura
mal de amores cura ten
mal de amores tuven eu
e tamén os curei ben.

Dous novios que tratan de se apartar e principiaron por botar sátiras, e esta moi bonita. E principia por decir:

- Xa se che vai acabando
o dineiro do Terrón.
- Que se me vai acabando
queridiña tes razón.
- Si o gastaches no o gastases
que eu non cho mandei gastar.
- De sete damas que tes

dime cal has de gozar.

- De sete damas que teño

meniña que tes con eso?

De sete damas que teño

ti es a de menos precio.

- Se eu son a de menos precio

ti tampoco no es rogado

que outros mellor que ti,

deiteinos na miña cama.

- Que ti os deitaches na túa cama

queridiña xa cho sei

agora fago de conta

que meniña comprarei.

-No se me dá porque vendas

nin que volvas a comprar

si non ten con quen casar

casa co can do lugar.

Lumes de San Xohan.

Non han maios.

Perto de Croa de Castromouro, que ten muralla orredor, e no medio ten o pico do orixe do monte, hai unha fonte pra a [banda de acá] e veu un señor que era de [Prado] e parou na nosa casa e preguntou po-la fonte do Salgueiriño no monte de Mosa e calouno c'unha lanza.

Aquelo de que o carro roe m'unha trabe de ouro. Hai un encanto con [fuejo] de alquitrán.

Gres

- Castro de Ponte
- Añobre
- Coroa do Castro
- Castro Mouro
- Piloño

Ten o campo do catón de San [Casidomo] e follas d'abondo".

Manuel Arteaga en Ponteledesma.